

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Aprobación listaxes usuarios/obrigados ao pago e liquidación do prezo público por escolas culturais e deportivas do mes de xuño do 2024, por importe total de 4.594,50 €

ANUNCIO

APROBACIÓN LISTAXES USUARIOS/OBRIGADOS AO PAGO E LIQUIDACIÓN DO PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS DO MES DE XUÑO DO 2024, POR IMPORTE TOTAL DE 4.594,50 €.

EXPEDIENTE: 2024/X999/000096

Por resolución ditada en data 14 de xuño de 2024, Decreto nº 235/2024, o Sr. Alcalde resolveu:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón de contribuíntes, obrigados ao pago, polos prezos públicos derivados actividades incluídas nas Escolas Culturais, Deportivas e Educativas, correspondentes ao de xuño deste ano 2024, así como as liquidacións integrantes deste, por importe global de 4.594,50 €.

SEGUNDO.- A partir da data de sinatura do presente decreto, segundo o sistema de domiciliación bancaria, nos números de conta adxuntados polos usuarios, levaráanse as citadas liquidacións a través da conta aberta a nome do Concello de Carral na entidade bancaria Banco Sabadell, con IBAN ES93-0081-2190-8900-0105-5007.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Intervención-Tesourería se proceda á realización dos trámites precisos para a súa exacción.

CUARTO.- Notificar de forma colectiva as liquidacións e o anuncio de cobranza en voluntaria do ingreso de Dereito Público anterior polos medios habituais, xunto coa súa publicación no el Boletín Oficial de la Provincia e no taboleiro de anuncios da Entidade.

Concello de Carral, 13 de xuño de 2024

O Alcalde,

Francisco Javier Gestal Pose

2024/4296